

## "XXVI CROSS GUILLELME BROWN"

O sábado 2 de decembro de 2023 celebrárase o "XXVI Cross Guillelme Brown", proba incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo, atendendo ás seguintes normas:

### 1. HORARIO, CATEGORÍAS E PERCORRIDO:

Hora	Categoría	Ano de nacemento	Distancia
10:30	Cadete Feminino (S16) Xuvenil Feminino (S18)	2008-2009 2006-2007	3 voltas (2.520m)
10:45	Cadete Masculino (S16) Xuvenil Masculino (S18)	2008-2009 2006-2007	4 voltas (3.360 m)
11:00	Infantil Feminino (S14)	2010-2011	2 voltas (1.680 m)
11:15	Infantil Masculino (S14)	2010-2011	3 voltas (2.520 m)
11:30	Alevín Feminino (S12)	2012-2013	1 volta (840 m)
11:45	Alevín Masculino (S12)	2012-2013	2 voltas (1.680 m)
12:00	Benxamín Feminino (S10)	2014-2015	1 volta (840 m)
12:10	Benxamín Masculino (S10)	2014-2015	1 volta (840 m)
12:20	Prebenxamín (S8)	2016-2017	400 m
12:40	Chupetes	2018-2019	200 m
12:30	Pais, nais e profesores do colexio		2 voltas (1.680 m)
12:45	Absoluta	2005 e anteriores	5 voltas (4.200 m)
13:30	Entrega de trofeos		

O percorrido, parte terra e herba, parte asfalto, realizarase no interior do recinto escolar.

## **2. PARTICIPACIÓN**

Poderán participar todos os colexios, clubs e asociacións convidadas ao efecto cun só equipo por categoría sen número límite de corredores/as, e calquera atleta que o desexe a nivel individual.

## **3. INSCRICIÓN**

As inscricións, dos deportistas federados, realizaranse polos clubs na SDP da RFEA, antes das 23'59 horas do xoves día 30 de novembro.

Os deportistas non federados realizarán a súa inscrición, ata as 23'59 horas do xoves 30 de novembro, cubrindo o formulario na páxina: <https://www.carreirasgalegas.com/>

*A Organización establece un límite de 500 inscricións.*

O día da proba poderanse realizar os cambios que sexan precisos ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.

## **4. DORSAIS**

Os dorsais serán facilitados pola organización e entregaranse 30 minutos antes do inicio do Cross.

## **5. CLASIFICACIÓN**

Establécense dúas clasificacións:

- a) **Individual**; segundo a orde de entrada en meta.
- b) **Por equipos**; sumando os puntos obtidos polos tres atletas mellor clasificados/as de cada equipo, resultando vencedor o equipo que sume menor número de puntos.

## **6. PREMIOS E TROFEOS:**

- a) Trofeo aos dous mellores equipos clasificados nas categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil tanto masculino como feminino.
- b) Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.
- c) Bolsas a todos os participantes que cheguen á meta.

A clasificación será individual e por categorías (Prebenxamín (S8), benxamín (S10), alevín (S12), infantil (S14), cadete (S16), xuvenil (S18) e absoluta, tanto masculino como feminino).

## **7. OUTROS APARTADOS:**

- Debido ao carácter popular e sobretudo gratuito da proba, o colexio contará con 350 bolsas deportivas como agasallo para os participantes, que serán preferentemente para as categorías escolares e para os adultos en función da súa orde de chegada e ata acabar as existencias.
- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio, unha vez avisados polos xuíces.
- Aqueles corredores que posúan licencia federativa deberán indicar na ficha de inscrición o seu número.
- Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

